

Resolución do tribunal designado pola Resolución do 17 de marzo de 2023 (DOG número 61 do 28 de marzo) pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo de acceso por promoción interna previsto no artigo 38.c) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocado mediante a Orde do 1 de febreiro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 28, do 9 de febreiro).

En sesión que tivo lugar o 8 de maio de 2023, o tribunal designado pola Resolución do 17 de marzo de 2023 (DOG número 61 do 28 de marzo) pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo de acceso por promoción interna previsto no artigo 38.c) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocado mediante a Orde do 1 de febreiro de 2023 (Diario Oficial de Galicia número 28, do 9 de febreiro):

ACORDOU:

1. Feita a corrección dos cuestionarios da primeira proba da fase de oposición segundo o establecido na base 5.2 da convocatoria, acórdase publicar na sede da Agasp e na súa páxina web, como Anexo I a esta resolución, a listaxe de persoas aspirantes coas cualificacións obtidas no primeiro exercicio por orde decrecente de puntuación.

As persoas aspirantes que resultaran admitidas no proceso e que non figuren nesta listaxe teñen a cualificación de non presentado.

2. De acordo co establecido na base 5.3.7 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas á súa cualificación, no prazo de cinco días, que se contarán desde a publicación desta resolución na web da Agasp.

Cando as alegacións se refiran a desconformidades coa cualificación outorgada deberase indicar claramente as preguntas concretas que a persoa interesada considera que fallou ou non contestou para poder comprobar a procedencia ou non da alegación. Non se terán en conta as alegacións ás cualificacións que non cumpran o establecido neste parágrafo.

Tal e como establece a convocatoria, todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. A segunda proba do proceso selectivo terá lugar o día 19 de maio de 2023, en chamamento único que comezará ás 10:30 na Aula @ da Academia Galega de Seguridade Pública. Esta proba será posteriormente lida ante o Tribunal do

proceso, inmediatamente despois da súa realización, no horario que se publicará na páxina web da Agasp.

A Estrada, 8 de maio de 2023

A presidenta do tribunal

Paula Cajaraville Leiro

Anexo I

Listaxe de cualificacións provisionais da primeira proba

NIF	Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	Cualificación
***6271**	COMESAÑA	ROSENDE	JORGE ENRIQUE	8,111
***7224**	ALVAREZ	PENA	MARIA	7,556
***9753**	TOUCEDO	ALONSO	JOSE	7,333
***7047**	PEREZ	DIZ	JUAN PABLO	4,889